

# Troita

Nº 2

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Maio 2013



## Tempo de festa, tempo de Troita

Oroso prepárase para celebrar a XVII Festa da Troita, que terá lugar os días 10, 11 e 12 de maio. O coordinador da Festa, Antonio Leira, indica que “se o tempo acompaña podemos superar os 25.000 visitantes”. Para eles, o Concello de Oroso ten preparada unha programación variada e para todas as idades. Así, continuaremos coas iniciativas que mellor acollida tiveron en pasadas edicións. Todas as noites, as mellores orquestras de Galicia actuarán na alameda de Góis: París de Noia, Olympus, Marbella, Claxxon, Fania... E durante o día: campionato de pesca, Feira da Arte e os Oficios, xogos para os nenos, música folk a cargo de Lembranzas do Tambre, Buxos Verdes e Néboas no Cumio, exhibición de hip-hop... e un pegoeiro de excepción: o actor Federico Pérez, integrante do programa de humor “Era visto” e coñecido polo seu papel de “Josito” na serie “Padre Casares”. Porque o humor non pode faltar na única Festa de Interese Turístico desta comarca. Vén e disfrútaa.



Todos os meses atoparás “Troita” en dous formatos: en papel (nos locais sociais, na Casa do Concello, na Aula de Música e no centro cultural de Sigüeiro) ou dixital (con contidos extra e remitido directamente ao teu mail). Para recibir “Troita” só tes que encher o formulario dispoñible en [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com)



O Concello investiu máis de 276.000 euros en reurbanizar a rúa do Portiño

## Comeza a última fase da reurbanización do Portiño



Unha vez que as obras de reurbanización da [rúa Xuncal](#) están a piques de rematar, pois só resta o aglomerado quente na calzada, o Concello de Oroso segue co seu plan de mellora das rúas de Sigüeiro. Agora vai investir algo máis de 76.000 euros na terceira e última fase da reurbanización da rúa do Portiño. As obras terán lugar entre os números 9 e 23 da rúa e estarán rematadas en 4 meses. Nos últimos 3 anos, o Concello de Oroso investiu máis de 276.000 euros en mellorar a rúa do Portiño, dotándoa de anchas beirarrúas e recollida de pluviais, [ampliando a ponte sobre o Carboeiro](#), instalando novo alumeadado público e soterrando a rede de electricidade.



## O Concello convoca as axudas a entidades e asociacións

O Concello de Oroso vén de convocar as [axudas municipais](#) para asociacións e entidades culturais e deportivas que desenvolven as súas actividades e servizos no municipio. Os requisitos é que non teñan ánimo de lucro e estean debidamente legalizados e inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Oroso. As axudas deberán solicitarse antes do vindeiro 1 de xuño. Este ano man-



*As axudas deben solicitarse antes do vindeiro 1 de xuño*

téñense as axudas nas áreas culturais, educativas e de Protección Civil. E o Concello incrementa as axudas ao deporte debido a aumento no número de veciños que practican deporte de xeito organizado.



## Os alevíns de Oroso xogarán cos mellores do mundo



Barcelona, Real Madrid, Inter de Milán... son só algúns dos equipos aos que poderían enfrontarse os alevíns da [ED Xuventude Oroso](#), que se clasificaron para a fase final da [Arousa Fútbol 7](#). O concelleiro de Deportes, Luís Rey, [facilitou aos rapaces](#) e aos responsables das escolas pola "fazaña deportiva de que rapaces dun concello de 7.500 habitantes se impuxeran a outros 80 equipos sen perder nin un partido". A fase final xogarase o 31 de maio e o 1 e 2 de xuño. A por eles, campións.



## Variada oferta para a mocidade: redes sociais, multiaventura, sexualidade...

Despois do gran éxito do Día da Xuventude, a Concellería da Xuventude ten preparado un amplo programa de actividades para este mes de maio. Así, o Concello e [Querote +](#) van a poñer en marcha tres actividades os xoves 2, 16 e 23 de maio. O primeiro día analizaranse as redes sociais (facebook, twitter e tuenti, principalmente). O día 16 será o turno da "[Arte da seducción](#)", para mozos e mozas de entre 18 e 30 anos. E o xoves 30, "Sexprésate" para rapaces entre 14 e 16 anos. Nos tres casos, a cita é ás 18:00 horas no centro cultural de Sigüeiro. E se o teu é a [multiaventura](#), o Concello está a preparar unha iniciativa para o 24, 25 e 26 de maio. Paintball, rappel, iniciación á escalada, rutas a cabalo, sendeirismo, tiro con arco, btt... Hai 50 prazas. Infórmate no centro cultural.





## Mirás: "A Penela será un cemiterio veciñal rural particular xestionado polos donos dos panteóns"

O alcalde, Manuel Mirás, garante que o [cemiterio da Penela](#) (Oroso) "será un camposanto veciñal rural particular, xestionado polos lexítimos donos dos panteóns e sen que os cambios legais que está a facer o Concello supoñan custe económico ningún para os veciños". O alcalde asegura que "as [xestións que estamos a facer](#) van encamiñadas a que o cemiterio de Oroso sexa un cemiterio veciñal rural particular, tal e como foi concibido dende sempre polos veciños da parroquia". Mirás critica "a torpeza, a mala fe ou a ignorancia dos concelleiros do Partido Popular de Oroso, que están a politizar o tema e tratando de confundir aos donos dos panteóns". Neste sentido, o alcalde comprométese ante os veciños a que "os trámites que estamos a facer son para a seguridade dos propietarios actuais e futuros de panteóns no cemiterio da Penela e que estes trámites non terán ningún custo económico para eles". Unha vez rematada a tramitación legal, o Concello entregará a cada propietario un croquis documentado sinalando a propiedade de cada un, tamén sen custo económico algún. Dende ese momento, o Concello de Oroso non terá ningún poder de decisión en canto á xestión do cemiterio. Será os donos dos panteóns quen, a través da asociación de propietarios do cemiterio da Penela, se encargarán do mantemento e da xestión deste cemiterio veciñal rural particular.



*Os trámites que está a facer o Concello non suporán custe económico ningún para os veciños*



## Recollida de roupa e alimentos para familias necesitadas

O Concello de Oroso e a gardería de A Ulloa van poñer en marcha durante a primeira quincena de maio unha campaña de recollida de roupa e de alimentos para as familias máis necesitadas do municipio. As aportacións poderán achegarse tanto á gardería como ao Departamento de Servizos Sociais (rúa da Cultura nº 9). Os Servizos Sociais repartirán os alimentos entre os máis necesitados, mentres que as prendas se levarán ao Roupeiro Municipal, a onde poden acudir aquelas familias que o precisen. Un servizo que, por certo, está activo grazas ao [Voluntariado de Oroso](#).



*Colabora deixando a túa aportación na Gardería ou nos Servizos Sociais*

**EXCURSION**

**PAINTBALL. INICIACIÓN Á ESCALADA RAPÉL. RUTA A CABALO. RUTA EN BTT. TIRO CON ARCO. RUTA DE SENDEIRISMO.**

**MULTIAVENTURA**

PREZIOSO: 10€ (por orde de presentación de solicitudes)

Máis información no centro cultural de luns a venres de 09:00 a 14:00, martes e xoves de 17:00 a 20:00, ou teléfono 981 696 903 ou na páxina web: [www.concelloorosos.com](http://www.concelloorosos.com)

ORGANIZA: CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

**NON SAO O MANTEN**

**ROBERTO VIDAL BOLAÑO**

CENTRO CULTURAL FERNANDO DE CASAS E NOVA

DÍA 13 ÁS 18:00 OBRADOIRO:  
"TITRES NAS BEANS", Lorraine (ANOTARSE CON ANTERIORIDADE)

DÍA 15 ÁS 18:00 TEATRO:  
"PEQUENA", Talla Teatre

DÍA 18 ÁS 11:00  
CONFERENCIA: Endibela (ANOTARSE CON ANTERIORIDADE)

IX CONCURSO DE MARCAPAXINAS (VER PUBLICIDADE ESPECÍFICA)

**OROSO**

**leer**  
**mañana**  
**mañana**

**A nena e o grilo non barquino**

LUGAR: Centro cultural (Oroso)

FECHA: Venres 10 de maio

HORARIO: 18:00 h.

**falaRedes**  
Programa de Educación Lingüística

**OROSO**

**CONCELLO DE GILICHA**

## Foi noticia...



## Éxito da I Carreira Pedestre Concello de Oroso con más de 700 participantes

Os atletas Santiago López Rodríguez ([Atletismo Porriño](#)) e Raquel Tuñas Peña (Santiago) gañaron a primeira edición da [Carreira Pedestre Concello de Oroso](#), na que participaron case 700 atletas de todas as idades e chegados de toda Galicia, incluso doutras comunidades autónomas. Uns atletas que contaron co alento de numerosos veciños e veciñas de Oroso, que desafiaron a un tempo moi inestable para aplaudir o esforzo dos corredores. Tras tal éxito de participación e de organización, o alcalde Manuel Mirás confirmaba a boa nova: haberá segunda edición en 2014.



Un total de 560 veciños e veciñas, maiores de 60 anos, participaron na Festa dos Maiores do Concello de Oroso. O xantar de confraternidade tivo lugar tras unha misa cantada pola Coral de Senra.



Uns 150 rapaces e rapazas de Oroso participaron no programa "Días Verdes", organizado polo Concello para sensibilizar aos novos co respecto ao medioambiente. Recolléronse 4 toneladas de lixo.



Felicidades aos prebenxamíns da ED Xuventude Oroso, que gañaron con autoridade a primeira edición do seu trofeo, disputado no Lino Balado. Os pequenos gañaron todos os seus partidos.

## Axenda: Maio

- 2** Sacando as redes das pantallas. (18 h.)
- 3** Fin inscrición probas Competencias Clave 2-3
- 4** Contos da Lareira (11 h)
- 10** Festa da Troita Teatro musical (19 h.)

- 11** Festa da Troita Obradoiros nenos
- 12** Festa da Troita Degustación nos bares
- 13** Letras galegas: Títeres nas mans (taller, 18 h.)
- 15** Letras galegas: "Pequena", Talía Teatro (18 h.)
- 16** Arte da seducción (18h) Campamentos deporte

- 18** Contos da Lareira (11 h)
- 23** Sexprésate (18 h.)
- 24** Excursión multiaventura
- 29** En busca do libro perdido (18 h.)
- 1** Fin prazo das axudas a entidades e asociacións